

5.- DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

►► O ESTUDIO DOS PRINCIPAIS ASPECTOS relativos ó desenvolvemento territorial de Monforte-O Barco divídese en seis partes diferenciadas nas que se fai referencia a súa dotación infraestructural: estradas, ferrocarril, infraestructuras hidráulicas, os parques empresariais, o Plan de dinamización económica de Galicia e mailo Plan Galicia da Administración Xeral do Estado e, para rematar, o medio ambiente.

Para a realización deste capítulo térase en conta a información recollida no “*Plan director de infraestructuras 2001-2010*”, presentado en outubro do ano 2001, no “Plan Decenal Ferroviario 1998-2007”, no estudio “Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal”, realizado polo Consorcio Zona Franca de Vigo, e, finalmente analizarase o “Plan de Dinamización Económica de Galicia” e o “Plan Galicia da Administración Xeral do


Estado”, presentados en xaneiro do ano 2003.

Como punto de partida, os **mapas 5.1., 5.2., 5.3., 5.4. e 5.5.** permiten observar, para as cinco comarcas nas que se divide a área obxecto de estudio, o espallamento das vías de comunicación e a súa rede urbana. Distínguense as vías segundo a súa categorización ó tempo que ós distintos nodos de comunicación establécese un rango segundo a súa importancia.


En canto ós nodos establecidos, o **Mapa comarcal de Galicia** realiza unha distinción dos mesmos en función da súa importancia en cinco rangos, de xeito que o rango I clasificaría ós nodos máis relevantes, fronte ós nodos de rango V, correspondentes a aqueles cunha menor relevancia dentro da clasificación.

►► M. 5.1.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




►► **M. 5.2.**

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




►► M. 5.3.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




►► **M. 5.4.**

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




►► M. 5.5.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS



VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA



5.1.

Investimentos en infraestruturas viarias en Monforte - O Barco

Actuación	Xunta de Galicia	Ministerio de Fomento	Vías	Totais
	(en millóns de €)	(en Km)	(en Km)	(en millóns de €)
Corredor Lalín - Monforte: Treitos de circulación de Monforte	17,7	-	9,3	18
Investimentos totais en estradas en Galicia	1.665,7	2.531,0	3.045	25
Monforte-O Barco /Galicia (%)	1,1	-	0,3	70,2

Fonte: Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010

O interior da áreas funcionais non contan con ningún nodo de rango I nin II, estando situados os únicos dous nodos de rango III existentes na comarca de Terra de Lemos, na intersección da N-120, a C-533 e a C-546, no concello de Monforte de Lemos, así como na intersección entre a C-546, a LU-652, a LU-643 e a LU-611 no concello de Bóveda. No resto da área funcional os nodos de comunicación existentes son calificados como de rango V, a excepción de dous nodos de rango IV existentes na comarca de Valdeorras, un no concello de A Rúa e outro no concello de O Barco de Valdeorras.

Estradas

A actuación proposta no **Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010** sobre a rede autonómica (programa de vías de alta capacidade) é o corredor Lalín - Monforte, nos treitos de circunvalación de Monforte, (**cadro 5.1.**), o que supón 9,3 quilómetros e un investimento de 17,7 millóns de euros.

Ferrocarril

No eido das infraestructuras ferroviarias, o “**Plan Decenal de Infraestructuras Ferroviarias de Galicia 1998-**

2007” recolle unha serie de actuacións a desenvolver que se poden agrupar en estruturantes e en actuacións complementarias. No caso das actuacións estruturantes están as que fan referencia ó acceso desde/á meseta, establecendo este Plan que o mesmo sería ben a través de León-Monforte (acceso norte) ou ben vía Medina-Zamora-Ourense (acceso sur).

En relación ás actuacións complementarias, en Monforte-O Barco cómpre salienta-las seguintes actuacións

- sobre liñas afluentes a Ourense: estende-las melloras obtidas coas actuacións estruturantes ó traxecto Ourense e Monforte (traxecto de 25 minutos).

- sobre outras liñas: Para fomenta-lo transporte colectivo estableceranse unhas relacións mínimas interrexionais, deberán tratarse adecuadamente traxectos como os de Ponferrada-Monforte e Monforte-Lugo-A Coruña.

- eliminación de retrocesos: supresión das inversións de marcha dos trens, mediante a construción de variantes ou triángulos (by-pass) en Monforte.

- Sobre sinalización e comunicacións, substituírase o obsoleto bloqueo telefónico polo bloqueo automático en vía única no traxecto Monforte-A Coruña.

5.2.

Principais actuacións na rede interior convencional

Treito	Investimento
	(en millóns de €)
Rede interior	
Ourense- Monforte- Lugo (1)	106,43
Covas - Monforte	5,17
Total Galicia	286,16
Tráfico de mercadorías e tráfico intermodal	
Plataforma loxística de Monforte	7,81
Total Galicia	23,74

(1) Inclúe: instalacións de seguridade e tren-terra; variante de Canabal, variante de Pobra de San Xiao, Renovación de vías e variantes entre Monforte e Sarria, rectificación de trazado entre Canabal e Monforte e renovación de vía entre Sarria e Lugo.

Fonte: Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010

5.3.

Estado actual do saneamento respecto á Directiva 91/271

Concello	Conca	He aglomeración	He deseño EDAR	Tratamento	Estado	Cumprimento Directiva
Chantada	Miño alto	5.027	4.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
A Rúa	Sil inferior	7.072	15.000	Biolóxico	Non funciona	Non cumpre (sen explotación)
Monforte de Lemos	Cabe	26.038	23.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
O Barco de Valdeorras	Sil inferior	13.470	15.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
Pobra de Trives	Sil inferior	2.262	2.500	Biolóxico	Execución	Non cumpre (en construción)
Quiroga	Sil inferior	1.642	2.200	Biolóxico	Rematada	Cumpre

Fonte: Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015

O Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010 especifica dúas liñas de actuación no marco ferroviario: o programa de alta velocidade e o programa da rede convencional.

No que respecta ó Programa de alta velocidade, o trazado Ourense- Lugo ten prevista a parada en Monforte de Lemos. De xeito complementario ó programa de alta velocidade, existe unha serie de actuacións para moderniza-la rede interior entre as que destacan, **cadro 5.2.**,

- A renovación de vía no treito Covas-Monforte, da liña León-Monforte (5,2 millóns de euros).

- Renovación de vía e variantes entre Monforte e Sarria, e a rectificación de trazado entre Canabal e Monforte no treito Ourense-Monforte-Lugo da liña Ourense-Monforte-Lugo-Betanzos-A Coruña/Ferrol.

Asemade, no que respecta ó tráfico de mercadorías e tráfico intermodal, as actuacións na área funcional céntranse na plataforma loxística de Monforte cun investimento de 7,81 millóns de euros.

Infraestructuras hidráulicas

No concernente ás infraestructuras hidráulicas, cómpre salienta-lo "**Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015**", que ten como obxectivo fundamental o cumprimento da Directiva Europea 91/271 de 21 de maio de 1991 sobre tratamento de augas residuais urbanas.

Na actualidade, o estado actual respecto ó cumprimento da devandita Directiva nos concellos que compoñen a área funcional obsérvase no **cadro 5.3.**, onde se determina a existencia de actuacións

nas concas do Miño alto, do Sil inferior e do río Cabe, estando as dos concellos de Quiroga, O Barco de Valdeorras, Monforte de Lemos e Chantada rematadas e cumprindo a Directiva 91/271, fronte ós concellos de A Rúa e Pobra de Trives onde non se cumpre a Directiva sinalada.

O plan de Saneamento de Galicia prevé, no marco temporal do ano 2015, as seguintes actuacións na área funcional de Monforte - O Barco:

- Adecuación das redes de colectores existentes nos concellos de Chantada, Monforte de Lemos, Quiroga, o Barco de Valdeorras, A Rúa e Pobra de Trives.

- Actuacións sobre novas redes de colectores nos concellos de Chantada, Bóveda, Monforte de Lemos, Sober, Quiroga, O Barco de Valdeorras, A Rúa e Pobra de Trives.

- Actuacións en depuradoras nos concellos de Chantada, Bóveda, Monforte de Lemos, Sober, O Barco de Valdeorras, A Rúa e Pobra de Trives.

Parques empresariais

A oito de maio de 2003 había en Monforte-O Barco un parque empresarial⁽¹⁾ operativo promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e xestionado polo Xestur (emprazado no concello de Bóveda), dous en execución

(Quiroga e O Barco de Valdeorras) e un na fase de estudio de viabilidade (concello de Taboada). (**cadro 5.4.**)

O parque empresarial de A Bóveda ten unha superficie total de 37.694 metros cadrados e unha superficie industrial e comercial de 26.388 metros cadrados, e conta con 30 parcelas. A superficie total e a superficie industrial e comercial do parque empresarial de O Barco de Valdeorras ascende a 104.025 metros cadrados e 63.715m², sendo o número de parcelas de 34. No caso do parque empresarial de Quiroga, a superficie total foi de 59.954 m² e a superficie industrial e comercial de 32.395m², ascendendo ó número de parcelas a 36.

Xunto a estes parques empresariais promovidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e Xestur, o estudio “Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal”, realizado polo Consorcio Zona Franca de Vigo, sinala que a marzo de 1998 existen en Monforte-O Barco dous parques empresariais promovidos e xestionados por SIGALSA (en Chantada e Monforte) e un polo concello de O Saviñao.

Segundo os datos recollidos no devandito estudio, **cadro 5.5.**, destaca o parque empresarial de Monforte, cunha su-

(1) Énténdese por parque empresarial aquela actuación inmobiliaria que sitúa no mercado unha oferta de solo industrial urbanizado destinado a actividades industriais, comerciais e/ou de servizos e que cumpre uns requisitos consistentes na existencia dun promotor xestor, que o solo onde se radica sexa legalmente cualificado para tal fin e que dispoña dunha serie de infraestruturas e servizos básicos. Deste xeito, o termo de parque empresarial é utilizado como sinónimo de polígono industrial ou solo industrial urbanizado, pero non inclúe, sen embargo, ós parques tecnolóxicos.

Os parques empresariais en funcionamento, que son aqueles xa urbanizados e que xeralmente xa contan con empresas instaladas, pódeseles engadir os parques que se atopan noutras fases de desenvolvemento: en construción, en proxecto ou en estudio. Así, os primeiros serían aqueles coas obras de urbanización xa iniciadas pero aínda non finalizadas; os parques empresariais en proxecto están próximos a se construír ou estase a desenvolver-lo seu plan parcial, namentres que os parques en estudio son aqueles que están previstos a medio prazo.

5.4.

Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur ⁽¹⁾

	Operativos	En execución	En Curso	En estudio de viabilidade
Galicia	35	10	25	31
A Coruña	13	0	6	12
Lugo	12	5	8	5
Bóveda	1	-	-	-
Quiroga	-	1	-	-
Taboada	-	-	-	1
Ourense	5	4	5	0
O Barco	-	1	-	-
Pontevedra	5	1	6	14

(1) Actualización a 8 de maio de 2003

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS

5.5.

Parques empresariais en funcionamento non promovidos polo IGVS e Xestur

Promotor/ Xestor		Nº de parcelas	Nº de parcelas vendidas	Superficie	Superficie industrial	Superficie comercial	Prezo	Promotor / Xestor
					(m ²)		(€/m2)	
Chantada Monforte Escairón	SIGALSA	25	14	111.791	80.666	-	23,72	SIGALSA
	SIGALSA	49	17	365.675	275.235	-	24,19	SIGALSA
	Concello de O Saviñao	45	-	91.155	44.336	875	-	Concello do Saviñao
Total		119	31	568.621	400.237	875		

Fonte: Observatorio Urbano do Eixo Atlántico e Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques Empresariais de Galicia e Norte de Portugal

perficie industrial de 275.235 metros cadrados dividida en 49 parcelas. O seguinte parque en importancia en relación á súa extensión é o de Chantada, que ten 80.666 metros cadrados (superficie industrial), divididos en 25 parcelas. O parque empresarial de Escairón, promovido polo concello de O Saviñao conta con 45 parcelas, sendo a súa superficie industrial e comercial de 45.211 metros cadrados.

O Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010, inclúe tres parques empresariais en fase de execución dentro da área, nos concellos de Quiroga, O Barco de Valdeorras e Vilamartín de Valdeorras, así como un parque empresarial en fase de estudio de viabilidade no concello de Taboada.

Finalmente, o Instituto Galego da

Vivenda e Solo e as Xestur están a traballar noutros 20 parques, cunha superficie total superior ós 7,3 millóns de metros cadrados. Dentro da área xeográfica obxecto de estudio emprázase o parque empresarial de Rubiá, que ten unha superficie de 50.000 metros cadrados e no que se investirán un total de 33.121,2 miles de euros.

Plan de dinamización económica de Galicia e Plan Galicia

As actuacións previstas polo Plan de Dinamización económica de Galicia da Xunta de Galicia e o Plan Galicia da Administración Xeral do Estado, dentro no marco xeográfico da área de Monforte - O Barco, respecto a estradas e ferrocarril, son as que se especifican no **cadro 5.6.**

►► **5.6.**

Investimento en infraestruturas na área de Monforte - O Barco

	Investimento <i>(en millóns de euros)</i>	Ano proposto de finalización	Redución de prazos <i>(en meses)</i>	Lonxitude <i>(en km)</i>
Plan de dinamización económica				
Plan para reforza-la competitividade do conxunto de Galicia				
Infraestruturas viarias				
Novas actuacións previstas para despois de 2010 e aceleradas polo plan	83,3			37,0
Vía de Alta Capacidade de Sarria - Monforte	83,3	Finalización 2007		37,0
Actuacións previstas que acurtan os seu prazos polo Plan	67,4			29,0
Conexión Nadela - Sarria - Monforte	67,4	Finalización 2006	12	29,0
Plan para mellora-lo equilibrio territorial de Galicia				
Solo empresarial				
Área de Lugo-Sudeste	16,2			
Área de Ourense-Este	6,8			
O Plan Galicia da Administración Xeral do Estado				
	<i>(en millóns de euros)</i>			
Novas actuacións a desenvolver en Galicia				
Autovía Chantada-Monforte	190			
AVE subcantábrico Ponferrada - Monforte	690			

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Plan de dinamización económica. Plan Galicia*

O **Plan de Dinamización Económica de Galicia**, que parte da estratexia definida no PEDEGA, establece actuacións concretas no interior de Galicia para avanzar na cohesión territorial da comunidade autónoma. Nas seis “**Áreas de Dinamización Prioritarias**” definidas nas provincias de Ourense e Lugo, hai dous que teñen incidencia en Monforte-O Barco: área de Lugo-Sudeste, con puntos de apoio na franxa Sarria-Monforte, e a área de Ourense-Este, que pivotaría sobre A Gudiña-Verín-Viana do Bolo.

O Plan ten previsto que estas áreas de dinamización contén con solo empresarial e incentivos ó investimento. No caso destes incentivos, preveuse unha axuda mínima ós proxectos de investimentos do 30% se existe xeración de emprego para os proxectos con investimentos superior a 601.000 euros, e para os proxectos de contía inferior, establécese o 35% de axuda ó investimento se existe xeración de emprego. Ó longo do exerci-

cio 2003 a liña de microcréditos do IGAPE terá un xuro do 2,5%.

Incluído no Plan Galicia, a Xunta de Galicia e o Estado, prevese un investimento total de 186,9 millóns de euros na construción de 33 novos **parques empresariais** (8.892,1 miles de metros cadrados de superficie), dos que un deles, o de A Pobra de Trives, emprazarase en Monforte-O Barco.

Neste parque empresarial, cunha superficie de 30.000 metros cadrados (o 0,6% da superficie total dos parques pertencentes ó eixo interior), está previsto un investimento de 697.000 euros (o 0,8%).

Medio ambiente

O estudo do medio ambiente na área de Monforte - O Barco céntrase na análise da situación do solo na área, dividindo esta análise en tres apartados; en primeiro lugar trátase o número e causalidade dos

5.7.

Lumes e superficie afectada 1991-2002 na Area Funcional de Monforte - O Barco: distribución segundo causas e distrito

	Número de lumes		Superficie					
			Total		Arborada		Rasa	
		(%)	(en ha.)	(%)	(en ha.)	(%)	(en ha.)	(%)
Terra de Lemos	3.946	100	14.103,5	100	2.514,9	100	11.588,6	100
Basureiros	12	0,3	621,4	4,4	167,0	6,6	454,4	3,9
Descoñecida	224	5,7	597,1	4,2	152,4	6,1	444,8	3,8
Reproducción	19	0,5	91,5	0,6	6,1	0,2	85,4	0,7
Intencionado	3.395	86,0	11.912,9	84,5	1.921,4	76,4	9.991,5	86,2
Neglixencia	71	1,8	520,0	3,7	148,1	5,9	371,9	3,2
Outros	86	2,2	183,7	1,3	57,4	2,3	126,2	1,1
Queima	15	0,4	7,3	0,1	2,6	0,1	4,7	0,0
Causa natural	124	3,1	169,7	1,2	59,9	2,4	109,8	0,9
Valdeorras-Trives	9.721	100	48.792,4	100	6.695,4	100	42.097,2	100
Basureiros	26	0,3	25,3	0,1	10,5	0,2	14,8	0,0
Descoñecida	230	2,4	1.021,3	2,1	171,5	2,6	849,8	2,0
Reproducción	88	0,9	1.677,1	3,4	86,2	1,3	1.590,9	3,8
Intencionado	9.081	93,4	45.149,3	92,5	6.278,0	93,8	38.871,3	92,3
Neglixencia	97	1,0	187,7	0,4	34,1	0,5	153,6	0,4
Outros	31	0,3	33,6	0,1	4,8	0,1	28,8	0,1
Queima	90	0,9	554,4	1,1	83,8	1,3	470,7	1,1
Causa natural	78	0,8	143,7	0,3	26,5	0,4	117,3	0,3
Total Monforte-O Barco	13.667	100	62.895,9	100	9.210,3	100	53.685,8	100
Basureiros	38	0,3	647	1,0	178	1,9	469	0,9
Descoñecida	454	3,3	1.618	2,6	324	3,5	1.295	2,4
Reproducción	107	0,8	1.769	2,8	92	1,0	1.676	3,1
Intencionado	12.476	91,3	57.062	90,7	8.199	89,0	48.863	91,0
Neglixencia	168	1,2	708	1,1	182	2,0	525	1,0
Outros	117	0,9	217	0,3	62	0,7	155	0,3
Queima	105	0,8	562	0,9	86	0,9	475	0,9
Causa natural	202	1,5	313	0,5	86	0,9	227	0,4
Galicia	123.148	100	289.138,7	100	66.584,2	100	222.554,9	100
Basureiros	673	0,5	1.262,8	0,4	366,6	0,6	896,3	0,4
Descoñecida	9.558	7,8	13.353,2	4,6	4.408,4	6,6	8.944,9	4,0
Reproducción	835	0,7	2.628,7	0,9	458,9	0,7	2.169,8	1,0
Intencionado	106.206	86,2	262.744,3	90,9	58.709,0	88,2	204.035,3	91,7
Neglixencia	2.323	1,9	3.910,8	1,4	1.129,9	1,7	2.781,0	1,2
Outros	985	0,8	1.550,8	0,5	484,9	0,7	1.065,9	0,5
Queima	1.611	1,3	2.179,5	0,8	721,6	1,1	1.457,9	0,7
Causa natural	956	0,8	1.506,6	0,5	304,9	0,5	1.201,8	0,5
Error	1	0,0	2,0	0,0	-	-	2,0	0,0

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

incendios existentes na zona, e posteriormente estúdiase dende un punto de vista normativo as medidas de restauración da zona así como as normas medioambientais existentes no que respecta fundamentalmente ó marco das empresas extractoras de lousa na área de Monforte - O Barco, e en concreto nas comarcas de Valdeorras e Quiroga; para finalmente analizar as zonas da área de Monforte - O Barco incluídas na Rede Natura 2000.

No que respecta á media anual de lumes forestais en Monforte- O Barco no período 1991-2002, o **cadro 5.7.** reflicte que nos distritos de Valdeorras-Trives e Terra de Lemos rexistráronse un total de

13.667 lumes (o 11,1% do total galego), sendo a superficie afectada de 62.895,9 hectáreas (o 21,8% da superficie afectada nos 19 distritos forestais galegos). A superficie media afectada por cada lume ascendeu a 4,6 hectáreas en Monforte-O Barco (abrange estes dous distritos mencionados), sendo de 2,3 hectáreas no conxunto de Galicia.

A superficie arborada queimada na zona xeográfica considerada ascendeu a 9.210,3 hectáreas (o 13,8% da superficie arborada arrasada polo lume en Galicia), o que representa o 14,6% da superficie total queimada en Monforte - O Barco. No conxunto de Galicia, a superficie ar-

borada queimada representa o 23,0% da superficie queimada en Galicia no período considerado.

Atendendo á distribución segundo as súas causas, o **cadro 5.7.** amosa que o 91,3% dos incendios rexistrados en Monforte – O Barco (12.476 lumes) foron intencionados, afectando ó 90,7% da superficie queimada. No conxunto de Galicia estas porcentaxes acadaron o 86,2% (106.206 lumes) e o 90,9% (262.744,3 ha), respectivamente.

Unha das actividades diferenciais da área analizada e fundamentais no que respecta ó desenvolvemento económico da área de Monforte - O Barco é, como xa se analizou no apartado dedicado ós sectores productivos, a industria extractiva de lousa; esta industria xera fortes impactos na área analizada, tanto dende un punto de vista demográfico, económico como ecolóxico.

En xeral, e tal como se observa no "Plan Galego de Residuos Industriais 2000-2006", a maior cantidade de residuos industriais xerados en Galicia corresponde á extracción e tratamento de lignito, lousa, granito e produción de alúmina e aluminio, cunha produción de residuos de aproximadamente 55 millóns de toneladas, o que representa o 90% da cantidade de residuos totais, estes residuos correspóndense co movemento total de terras realizadas nas explotacións, polo que, nesta cifra, se inclúen tódalas fases das labores mineiras: retirada da capa superficial das terras para o seu amorecemento e posterior utilización para a restauración; movemento de todos aqueles

materiais que non reúnen as condicións necesarias para a obtención do produto e que se depositan directamente nas escombreyas, as que, posteriormente, son restauradas mediante o amorecemento de terras efectuado na primeira fase da explotación e a posterior hidrosembrado, realizándose unha minería de transferencia; por último, o material adecuado para a elaboración de produto final e os residuos da transformación do material inicial en produto de mercado.

Os residuos procedentes da extracción de minerais xestiónanse na propia explotación, mediante a rexeneración de escombreyas e recuperación dos ocos de explotación.

Por todo elo, podemos destacar que a extracción de minerais produce un importante impacto no medio ambiente, que se manifesta de xeito especial na minería a ceo aberto como é o caso da lousa. As alteracións medioambientais máis importantes que produce a explotación de lousa son:

- Alteracións mediante escombros; xa que hai que ter en conta que o rendemento do material extraído é dun 3% aproximadamente; polo que máis do 95% do material removido para a produción non será aproveitado, converténdose en escombros.

- Alteracións mediante augas residuais: a elaboración de lousa produce unha contaminación das augas, debido a que os discos da serra teñen que estar constantemente refrixerados. A auga, con tódolos residuos en suspensión, non é depurada, nin mediante fosas de decanta-

ción, nin mediante depuradoras, supoñendo esto un impacto moi importante sobre a fauna e a flora da zona.

- Alteración polas vías de circulación: Os xacementos de lousa atópanse, polo xeral, en lugares inaccesibles; neste senso a construción de accesos sen control e regulación produce un forte impacto medioambiental.

En aras de paliar os impactos medioambientais da extracción de lousa, e dende un punto de vista xurídico, hai que facer mención a dúas disposicións da Xunta de Galicia; a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e a Orde de 28 de outubro de 1999 da Consellería de Medio Ambiente, relativa á Rede Natura 2000, así como o feito de que a Lei 10/1998 de residuos, é de aplicación supletoria na xestión dos residuos resultantes da prospección, extracción, valorización, eliminación e almacenamento de recursos minerais, así como a explotación de canteiras.

Por outra banda o 5 de decembro de 2002, subscribiuse o Convenio de Colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Norte, a Consellería de Industria, o organismo autónoma Augas de Galicia e a Asociación Galega de Pizarristas para o financiamento e desenvolvemento da asistencia técnica á dirección dos proxectos e obras das actuacións de restauración hidrolóxico-forestal das áreas afectadas polas antigas escombreciras de lousa na Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas actuacións están dirixidas fundamentalmente ás zonas de Valdeorras e Quiroga, pertencentes ás concas do río

Sil, onde existen unhas 170 Has. de terreo deforestado, árido e degradado que crea o perigo de erosión do solo e arrastres de materiais sólidos, os que poden ocasionar danos medioambientais así como perxuiños a infraestructuras hidráulicas e ó dominio público hidráulico.

O investimento previsto dentro deste convenio é de 266.546 euros no ano 2002, de 364.909 euros no ano 2003 e de 141.525 euros no ano 2004.

A **Rede Natura 2000**, é unha iniciativa comunitaria cúa finalidade é a de asegura-la conservación de hábitats e especies mediante un procedemento baseado no coñecemento científico.

Na Rede Natura 2000 intégranse os espazos designados como Zonas de Especial Protección para Aves (ZEPAS) pola Directiva de aves (79/409/CEE) e os espazos designados para o cumprimento da Directiva de hábitats (92/43/CEE), coñecidos como Lugares de Importancia Comunitaria (LICs).

Cada Estado membro da Unión Europea é o responsable de presentar os lugares de interese comunitario suficientes para garanti-la conservación dos hábitats e especies de interese comunitario, creándose unha rede de lugares nos que se asegurará a conservación e mantemento dos mesmos aplicando medidas preventivas, correctoras e compensatorias ante os posibles impactos ambientais que terán que ser previstos en cada un dos lugares.

A proposta galega está integrada por 65 espazos, 57 deles son propostos como

LICs , e os 8 restantes como ZEPAs. Dentro da área de Monforte - O Barco están incluídos os seguintes espacios:

- Pena Trevinca: abarca os concellos de Carballeda de Valdeorras, A Veiga, Viana do Bolo, Manzaneda e O Bolo; cunha superficie de 24.860 Ha.

- Serra da Enciña de Lastra: abarca o concello de Rubiá cunha superficie de 1.723 Ha.

- Canóns do Sil: abarca os concellos de Parado do Sil, Pantón, Sober e Nogueira de Ramuín; cunha superficie de 5.961 Ha.

- Río Cabe: abarca os concellos de Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, Pobra de Brollón, Pantón e Sober; cunha superficie de 1.576 Ha.

- Pena Veidosa: abarca os concellos de san cristovo de Cea e Carballedo; cunha superficie de 2.355 Ha.

- Ancares-Caurel: abarca os concellos de Becerreá, Cervantes, Ribas de Sil, Folgoso do Caurel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Quiroga, Samos e Triacastela; cunha superficie de 102.685 Ha.

- Monte Faro: abarca os concellos de Chantada, Carballedo e rodeiro; cunha superficie de 3.002 Ha. [n](#)

